

A PROTECCIÓN DA NATUREZA

A expansión das actividades humanas ocupa cada vez máis espazo e está a poñer en perigo a existencia de lugares e seres.
Para preservar para o futuro a diversidade da vida e da natureza é necesario protexer as especies e os hábitats.

¿Que se protexe?

Protéxese un espazo ou territorio que posúe algún valor natural de tipo biolóxico, xeolóxico ou paisaxístico.

¿Por que se protexe?

Porque existe unha especie, hábitat, ecosistema, mineral, rocha, formación xeolóxica ou paisaxe de gran valor que podería chegar a desaparecer de non ser protexida.

¿Como se protexe?

A protección real dos espazos naturais pasa por actuacións a tres niveis:

Educación ambiental: non se valora o que non se coñece.

Lexislación: deben crearse leis que definan os valores dos espazos protexidos e as sancións a aqueles cidadáns que os poideran destruír coas súas actuacións.


Medios: deben existir medios humanos, económicos e técnicos para posibilitar a protección real dos espazos naturais.



Dúas especies protexidas:
o fento do Eume (*Woodwardia radicans*), pola súa excepcionalidade, e o chasco, unha ave insectívora.



Devesa da Ragueira, no Courel, un espazo protexido polo seu grande interese xeolóxico e biolóxico.



O Monte Nogueira, no Canón do Sil, un espazo no que destaca o interese xeolóxico



Paneis informativos no Parque Natural "Fragas do Eume"



Edificio do Centro de Interpretación do Parque Natural "Baixa Limia-Serra do Xurés".



Observando aves.



Exposición no edificio do Centro de Interpretación dos Ecosistemas costeiros no Parque Natural "Complexo húmido de Corrubedo..."



Grupo de rapaces nunha saída escolar.



Folleto informativos.

RESERVAS DA BIOSFERA Terras do Miño

As Reservas da Biosfera son espazos protexidos pola UNESCO a proposta dos Estados dentro do programa "Home e biosfera". Esta rede internacional púxose en marcha en 1976; actualmente está formada por máis de 400 espazos de 93 países. Os espazos protexidos deben ser representativos dunha rexión bioxeográfica significativa; conter paisaxes, ecosistemas e especies que precisen ser conservados e integrar as actividades humanas no mesmo. As propostas deben ofrecer sempre mecanismos que involucren á poboación no proxecto para favorecer prácticas de desenvolvemento sostible.


As reservas divídense en tres zonas interrelacionadas.

- O núcleo debe estar protexido legalmente para garantir a conservación das especies. Nesta área só se poden realizar traballos de investigación e traballos tradicionais da poboación local.
- A zona tampón rodea a anterior e actúa como amortecedora da presión exterior sobre a área principal.
- A zona de transición, na que se localizan a maioría dos asentamentos humanos e se desenvolven as actividades de explotación. Estas poderán beneficiarse das axudas europeas para asegurar un desenvolvemento sostible.

TERRAS DO MIÑO

A primeira Reserva da Biosfera galega.

Declarada pola UNESCO o 7 de novembro de 2002



- A zona núcleo é a que contén os ecosistemas de maior valor ecolóxico, pouco afectados pola acción humana. Comprende 35.000 ha de superficie (un 10% do total) e inclúe o río Miño e os seus afluentes, os humedais da Terra Cha, os bosques aluviais e a Serra do Xistral.
- A zona tampón ocupa un 20% da superficie e comprende unha zona de 300 m arredor das canles fluviais, as inmediacións da Serra do Xistral e as zonas de máis de 600 m de altitude das Serras do Friol e da zona oriental. Nesta zona viven unhas 17.000 persoas.
- A zona periférica ou de transición ocupa o 70% da superficie e comprende a maior parte dos núcleos de poboación (unhas 140.000 persoas). Nesta zona permítese as actividades que contribúan ao desenvolvemento da comarca sen comprometer a sustentabilidade dos recursos.

2



Patrocina:



O Cadramón. Serra do Xistral.



Penas de Rodas. Rabade



Lagoa de Cospeito



Un dos barcos típicos do río Miño. Outeiro de Rei



Covas do Rei Cintolo. Mondoñedo



Mazo de Santa Comba, no río Chamoso.

Espazo de 363.668,9 hectáreas repartidas en 26 concellos da provincia de Lugo. É un gran ecosistema fluvial dominado polo curso alto do río Miño e os seus afluentes. O río é o centro ecolóxico e económico da área. O 46,7 % da poboación vive do sector primario, especialmente agricultura e gandaría.



O Miño recolle as augas da Terra Cha, por medio dunha complexa rede fluvial orixinada pola horizontalidade do terreo, o que, xunto co chan arxilloso, dá lugar á aparición de numerosas lagoas e zonas húmidas de carácter estacional que constitúen a mellor rede de humedais de Galicia.



O Pedregal de Irimia e a lagoa de Fonmiñá, as máis coñecidas fontes do Miño.



Os humedais das Terras do Miño son unha importante área de cría e descanso para as aves acuáticas.

PARQUES NACIONAIS Illas Atlánticas

Os Parques Nacionais son áreas naturais pouco transformadas polas actividades humanas e protexidas en razón da beleza das súas paisaxes, a representatividade dos seus ecosistemas, a singularidade da súa flora e da súa fauna ou das súas formacións xeomorfolóxicas. Posúen valores ecolóxicos, estéticos, educativos ou científicos polo que a súa conservación merece unha atención preferente. Nos Parques Nacionais está limitado o aproveitamento dos recursos naturais e dispoñen de servizos para atender ás visitas. A súa declaración e xestión depende do goberno do Estado.

ILLAS ATLÁNTICAS



O primeiro Parque Nacional galego, por acordo do Congreso dos Deputados de xuño de 2002.

Inclúe os arquipélagos de Cíes, Ons e Sálvora as illas Malveiras e Cortegada. 8.400 ha, das que 7.200 son marítimas.

A maior riqueza do parque reside nos ecosistemas submariños e nas importantes colonias de aves mariñas nidificantes.



Cíes

Os ecosistemas de máis interese son os fondos mariños rochosos, os cantís e as dunas. Conservan importantes colonias de aves mariñas nidificantes e unha gran variedade de aves invernantes. Nas dunas hai especies de plantas e animais pouco comúns como a camariña, a linaria arenaria ou o escancer de 5 dedos.



A gaivota patiamarela ten nas Cíes a maior colonia reprodutora do mundo con máis de 22.000 parellas.




Herba Camariña (*Corema album*), especie única do litoral occidental Ibérico e das Illas Azores.



Dunas e praia das Rodas que unen as illas Norte e do Faro.

Ons

É a illa máis extensa do Parque Nacional. Chegou a ter nalgúns tempos ata 500 habitantes. Conserva especies animais e vexetais únicas. É unha importante zona de cría de aves mariñas (gaivotas, corvos mariños).



Cytisus atlanticus é unha xesta descuberta recentemente presente en Ons e Sálvora.




Colonia de corvos mariños

Sálvora

Illa de perfil chan rodeada de numerosos illotes nos que se conservan especies típicas dos cantís



Sálvora




Nor

Cortegada

Conserva un bosque de loureiros de varias hectáreas de extensión de características únicas. Nos seus arredores hai importantes bancos marisqueiros.



Nos bosques de Cortegada medra unha gran variedade de fungos, algún moi raros en Galicia.



Fungo esqueiro no toro dun loureiro.



Patrocina:



PARQUES NATURAIS

Os parques naturais son áreas naturais pouco transformadas polas actividades humanas, con valores ecolóxicos, estéticos, educativos ou científicos. Protéxense pola representatividade dos seus ecosistemas, a singularidade da súa flora, da súa fauna ou das súas formacións xeomorfolóxicas. Nelas está limitado o aproveitamento dos recursos naturais. Dispoñen de servizos para atender ás visitas. A súa declaración e xestión depende do goberno das Comunidades Autónomas (Xunta de Galicia).



Illas Cíes

Creado en 1980. Os seus principais valores son os ecosistemas mariños, e a flora e fauna das dunas e cantís. Forma parte do Parque Nacional das Illas Atlánticas.





SUPERFICIE PROTEXIDA: 1.000,80 ha.

Polbo



Baixa Limia-Serra do Xurés

Protexido desde 1992. Serras graníticas de paisaxes agrestes cunha interesante mestura de especies atlánticas e mediterráneas. Parque transfronteirizo compartido con Portugal.



SUPERFICIE PROTEXIDA: 20.920 ha.

Val glaciar do Vilameá. No Xurés consérvanse as formas traballadas polos glaciares cuaternarios máis occidentais de Europa.



Oleas

Monte Aloia

Declarado Parque Natural en 1978. O seu maior atractivo son as vistas sobre o val do Miño e as especies ornamentais.



Acacias

Serra do Invernadeiro


Creado en 1989. Posúe unha gran riqueza vexetal con especies atlánticas e mediterráneas e unha rica fauna de bosque. Estanse facendo traballos de reintrodución de cabra montesa, rebezo e cervo.



SUPERFICIE PROTEXIDA: 5.722 ha.



Complexo Dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán



Creado en 1992. Combina un gran ecosistema dunar e varias lagoas nas que crían ou pasan o inverno numerosas aves acuáticas.




SUPERFICIE PROTEXIDA: 46 ha.



Un dos atractivos de Corrubedo é a gran duna móbil de máis de 1 km de lonxitude, 200 a 250 m de anchura e 20 m de alto.

Fragas do Eume


Declarado Parque Natural en 1997. É un dos bosques atlánticos máis representativos de Galicia con especies únicas de animais e plantas.



SUPERFICIE PROTEXIDA: 9.125 ha



Fenta *Woodwardia radicans*, unha especie moi pouco común, presente no Eume.



Canón do Eume

Serra de Enciña da Lastra

Parque Natural creado en 2002. Está formada por rochas calcarias nas que abundan as covas. Alberga unha boa representación de flora e fauna mediterráneas entre as que destacan aves pouco comúns (aguia real, falcón peregrino, voutre branco), varias especies de morcegos e numerosas plantas típicas dos terreos calcarios.



SUPERFICIE PROTEXIDA: 3.151 ha



Charaxes jasius, a eiruga aliméntase dos erbedos.



Penedos de Oulego

MONUMENTOS NATURAIS

Son espazos ou elementos da natureza constituídos por formacións singulares, de valor científico, cultural ou paisaxístico.

A súa declaración e xestión depende dos gobernos das Comunidades Autónomas.



Costa de Dexo

De gran interese xeolóxico.

Cantís de xistos cun dique de seixo branco.



Souto da Retorta de Chavín

Bosque de eucaliptos situado á beira do río Landro.

Arredor de 600 árbores plantadas desde 1860, algúns de tamaño espectacular.



O avó é a árbore máis alta de Galicia. Mide 67 m de altura e 2,5 m de diámetro.



Souto de Rozabales

É un souto de castiñeiros moi antigos.

O castiñeiro de Pumbariños ten máis de 1.100 anos e 13 m de perímetro.



Fraga de Catasós

Bosque de carballos e castiñeiros situado en Lalín.

Os castiñeiros teñen o fuste máis alto de Europa, algúns sobrepasan os 30 m de altura.



SITIOS NATURAIS DE INTERESE NACIONAL

Son espazos, lugares puntuais ou elementos da natureza que pola súa singularidade ou pola importancia dos seus valores científicos, culturais ou paisaxísticos merecen unha protección especial. Creados por Orde Ministerial do 31 de outubro de 1933



Cumio da Curotiña

Situado na Serra da Barbanza. Ten unhas excelentes vistas sobre a ría de Arousa e a costa de Aguiño, Corrubedo e Xuño.



Estaca de Bares

É o punto máis ó norte da Península. Ten gran interese xeolóxico, paisaxístico e biolóxico.



Cabo Vilán

Farallón de granito vermello con cantís de ata 80 m de altura. É o último reduto galego do arao dos cons



ZONAS DE ESPECIAL PROTECCIÓN PARA AS AVES Z.E.P.A.

Son territorios onde se adoptan as medidas axeitadas para evitar o deterioro dos hábitats e as perturbacións que poidan afectar ás aves.



HUMIDAIS DE IMPORTANCIA INTERNACIONAL

Zonas húmidas de gran importancia, en especial como hábitats para as aves acuáticas: turbeiras, zonas pantanosas, marismas, enseadas de pouca profundidade... Reguladas polo convenio de RAMSAR, firmado en 1971. España adheriuse en 1982.



Patrocina:



Enseada do Umia-O Grove

Zona ZEPA e Ramsar

Unha das áreas de invernada de aves acuáticas máis concurridas de Galicia. Acolle a poboación máis importante de cullereiros.



Ría de Ortigueira

Zona ZEPA e Ramsar

De especial importancia para as limícolas, anátidas e outras aves acuáticas, cunha gran poboación invernante.



Ría do Eo

Zona ZEPA e Ramsar

Zona ZEPA compartida con Asturias. De especial interese polas aves das marismas e esteiros.



Illas Sisargas

Zona ZEPA

Importante punto de anidamento de aves acuáticas: varios tipos de gaivotas, corvos mariños cristados... e ata hai pouco o arao dos cons.



Illas Cíes

Zona ZEPA

Área de cría de aves mariñas como a gaivota patiamarela (a maior colonia do mundo), a gaivota escura, o corvo mariño cristado, o paiño... e importante zona de descanso e invernada.



Enciña da Lastra

Zona ZEPA

Importante refuxio de aves pouco comúns en Galicia como a aguia real, o falcón peregrino e o voitre branco.



Voitre branco ou alimoche.

Lagoa de Valdoviño

Zona ZEPA

Importante área de descanso invern para moitas especies de aves acuáticas, algunhas raras en Galicia como o ganso ou o éider.



Complexo de Corrubedo

Zona Ramsar

Zona de cría de especies acuáticas e importante área de invernada de anátidas, limícolas e aves mariñas.



Lagoa de Vixán

ESPAZOS NATURAIS EN RÉXIME DE PROTECCIÓN XERAL. Propostas para a Rede Natura 2000

Figura de protección creada pola Xunta de Galicia en 1989. Aplícase a tódolos espazos incluídos no Rexistro Xeral de Espazos Naturais Galegos.

A REDE NATURA 2000

É unha rede ecolóxica europea de espazos protexidos. Nace como consecuencia da Directiva 92/43 ("Directiva Hábitats") da Unión Europea relativa á conservación dos hábitats e da flora e fauna silvestres. Supón un avance sen precedentes para acometer a conservación da natureza e a biodiversidade europeas sustentada sobre o criterio de que para conservar as especies hai que conservar os hábitats nos que viven.

LUGAR DE IMPORTANCIA COMUNITARIA (LIC)

Son espazos de interese natural declarados como tales pola Comisión Europea a partir das propostas dos Estados membros.

ZONA ESPECIAL DE CONSERVACIÓN (ZEC)

Zonas que acollan hábitats naturais ou especies de interese comunitario. Son nomeadas polos estados membros despois de aceptadas as propostas de LIC pola Comunidade Europea.

Ons-O Grove

Amplio espazo que inclúe fondos mariños, illas e illotes, cantís, dunas, enseadas, marismas e esteiros. Destaca pola variedade de plantas e aves acuáticas.



Bando de cullereiros no Bao




Enseada do Bao e istmo da Lanzada en primeiro plano

Serra do Cando

Espazo de montaña que inclúe parte dos cursos dos ríos Lérez e Verdugo. Os ecosistemas de maior interese son as turbeiras dos cumes e as carballeiras do curso alto do Verdugo.



Río Verdugo na confluencia co Barbeira.



SUPERFICIE PROTExIDA: 5.402 ha

Serra do Candán

Serra de perfil suave na que nacen importantes ríos. Nas partes baixas dos vales consérvanse boas carballeiras.



Escaraballo labrador, un cerámbricio que pon os ovos nos taros dos carballos.



SUPERFICIE PROTExIDA: 10.683 ha




Brañas de Xestoso

Extensas zonas de monte baixo, prados húmidos e brañas nas que se conserva unha variada flora e fauna asociada a elas.



SUPERFICIE PROTExIDA: 1.080 ha



Orquídea
Dactylorhiza maculata




Estroza

Xunco de Algodón

Sobreirais do Arnego

O río Arnego discorre encaixado entre rochas básicas no seu último tramo antes de xuntarse co Ulla. Nos arredores consérvanse os mellores bosques de sobreiras de Galicia.




SUPERFICIE PROTExIDA: 1.081 ha




Río Arnego

Ulla-Deza


Inclúe o curso do Ulla e os seus afluentes desde o encoro de Portodemouros á desembocadura. Conserva importantes bosques de ribeira e un rico sistema de marismas.



SUPERFICIE PROTExIDA: 1.633 ha



Gaiteiro



Esteiro do Ulla. Catoira




Fervenza do Toxa, un afluente do Deza

En Galicia están propostos 65 espazos para a REDE NATURA 2000: 8 ZEPAS e 57 LICs cunha superficie total de 369.057 ha (datos 2003).

ESPAZOS NATURAIS EN RÉXIME DE PROTECCIÓN XERAL. Propostas para a Rede Natura 2000

Costa da Morte

Comprende o litoral coruñés de Fisterra a Arteixo. É unha costa onde os protagonistas son as rochas a auga e o vento, con ecosistemas de grande interese ecolóxico: fondos mariños, cantís, illas, dunas, praias, coidos, lagoas, marismas e esteiros.



Illas Sisargas



Lagoa de Baldoio



Lagoa de Traba



Esteiro do Anllóns



Dunas e praia do Rostro



Xunco pinchudo

Pillara

Praia e dunas do Trece



Fisterra


Pardela

Monte e lagoa de Louro

Inclúe fondos mariños, cantís, monte, a lagoa de auga doce das Xarfas e varias praias con sistemas dunares ben conservados. A lagoa é unha importante área de descanso para as aves.



Plta. dos Remedios




Monte e lagoa de Louro



Eiruga da bolboreta *Celerio euphorbiae* que se alimenta de leiteiras

Costa de Dexo

Zona de cantís con interesantes formacións xeolóxicas e unha rica flora e fauna asociadas. Ten unhas boas vistas panorámicas sobre A Coruña.





Punta do Seixo Branco



Bolboreta sobre un áster

Río Anllóns

Os ecosistemas máis representativos son os bosques de ribeira e as marismas da desembocadura que serven de refuxio a moitas aves acuáticas.




Flores femininas de salgueiro

Os Verdes

Fragas do Eume

Inclúe parte do curso do Eume e varios afluentes coas fragas asociadas ás súas ribeiras. Ten grande interese xeolóxico e ecolóxico e acolle unha boa representación de fentos, brións e fungos e varias especies de invertebrados únicas.




Fento *Culcita Macrocarpa*



Encoro de Abegondo-Cecebre


Destacan os bosques de ribeira e unha importante flora e fauna acuáticas. Durante o inverno acolle gran variedade de aves.



Galiñola negra, unha das especies que crían en Cecebre.

Betanzos-Mandeo

Os ecosistemas máis interesantes son os bosques de ribeira dos ríos e as marismas da desembocadura onde invernan un importante número de aves acuáticas.



Herba coral

Esteiro do Mandeo-Mendo



O Mandeo en Chelo na primavera.

ESPAZOS NATURAIS EN RÉXIME DE PROTECCIÓN XERAL. Propostas para a Rede Natura 2000

Ortigueira-Mera

Inclúe o río Mera e os bosques das súas beiras e a ría de Ortigueira-Ladrado, unha área de grande importancia para a invernada de aves acuáticas.



O Mera en As Somozas



Ría de Ortigueira

SUPERFICIE PROTEXIDA: 3.795 ha

Estaca de Bares

Costa formada maioritariamente por altos cantís con formacións rochosas variadas. É unha importante área de paso para as aves migratorias.



SUPERFICIE PROTEXIDA: 926 ha



Monte-Maior

O máis destacado son as turbeiras de cobertor e a vexetación que levan asociada.



SUPERFICIE PROTEXIDA: 1.243 ha



Turbeira de cobertor aproveitada como pasteiras para o gando.



Serra do Xistral

É unha área moi ampla que inclúe as serras do Xistral, A Carba e a Toxiza. Conserva as máis interesantes turbeiras de Europa e numerosas especies vexetais e animais únicas.



SUPERFICIE PROTEXIDA: 22.964 ha.



Turbeira de val e de cobertor no Xistral


Rarela

O Cadramón



Xubia-Castro

Inclúe parte dos cursos dos ríos Xubia e Castro e a Serra do Forgoselo na que destacan as formacións graníticas e as brañas.



SUPERFICIE PROTEXIDA: 1.986 ha



Río Grande de Xubia



Penedos graníticos no Forgoselo

Vexetación de braña.



Costa Ártabra

Tramo de costa entre a Punta Coitelada e o Cabo Ortegal. Nesta área atópanse os cantís máis altos de Galicia e unhas formacións de rochas básicas de gran interese que levan asociadas especies vexetais únicas.



SUPERFICIE PROTEXIDA: 7.659 ha.



Cantís en Santo André de Teixido



Lagoa de Doniños



Dunas e praia de Vilarrube, na ría de Cedeira



Herba namoradeira



Cabo Ortegal e Cantís da Capelada

Río Landro

O máis destacado son os bosques de ribeira e a flora e fauna asociada ós ríos.



Fentos



SUPERFICIE PROTEXIDA: 89 ha.



Narciso
(Narcissus triandrus)



Fervenza "Pozo da Ferida" no río Loureiro, un afluente do Landro.



Patrocina:



ESPAZOS NATURAIS EN RÉXIME DE PROTECCIÓN XERAL. Propostas para a Rede Natura 2000


As Catedrais

Espazo costeiro que alterna cantís, cabos, illotes e praias. O maior atractivo reside nas formas traballadas polo mar nos xistos e areiscas da rasa de Ribadeo.



Río Ouro

Os ecosistemas máis interesantes son os bosques de ribeira ó longo de todo o curso do río e as marismas e areas da desembocadura.



Amieira



Lontra

A Marronda

Fragas atlánticas de tipo montañoso situadas nos vales do curso alto do río Eo e os seus afluentes Martín e Souto.




Carballo con bugallos.




Negueira

Inclúe parte do curso do Navia e o encoro de Navia de Suarna cos montes limítrofes. É unha área cun microclima especial onde se atopan especies atlánticas e mediterráneas.



Foz-Masma


O máis interesante son a flora e fauna asociadas ó curso do río Masma cos seus afluentes Valiñadares, Fraga Vella e Batán, e as marismas e areas da ría de Foz, importante refuxio para as aves acuáticas.



Marismas na ría de Foz



O fento *Adiantum capillus-veneris* atópase nas fendas dos cantís



O Masma en Vilallé

Río Eo

Inclúe a Ría de Ribadeo e, o curso do Eo ata Ribeira de Piquín e os seus afluentes Rodil, Turia e Trabada. Os ecosistemas máis interesantes son os bosques de ribeira e as marismas da ría onde se refuxian gran cantidade de aves e invertebrados.



Merlo rieiro



Carballido


Espazo que inclúe varias fragas atlánticas de montaña moi ben conservadas e dunha grande diversidade biolóxica.



Capudre



Linaria triornithophora



Río Cabe

Inclúe parte do curso do río Cabe e os seus afluentes Carabelo, Cinsa e Mao, así como os bosques dos vales do Incio.




San Pedro do Incio

O Cabe en Canaval

ESPAZOS NATURAIS EN RÉXIME DE PROTECCIÓN XERAL. Propostas para a Rede Natura 2000

Ancares-Courel

É o espazo protexido máis extenso de Galicia, con 102.685 ha. Inclúe a Serra dos Ancares, O Cebreiro, O Courel, parte do Incio, o curso do río Lora ata a desembocadura no Sil e as áreas próximas. Conserva importantes valores xeolóxicos, ecolóxicos e etnográficos.



Pita do monte, unha especie en perigo de extinción.




Oso Pardo



Carba (*Quercus Petraea*)



Liques sobre unha faia.



Faia, carballos e teixosna Devesa de Rigueira

Froito de faia



Cruzul-Agüeira

Inclúe o aciñeiral de Cruzul, o máis septentrional e un dos máis importantes de Galicia; os bosques atlánticos de Agüeira e parte do curso do Navia.



SUPERFICIE PROTEXIDA: 618 ha.



Landra de aciñeira.



Pradairo

Aciñeiral de Cruzul.

Parga-Ladra-Támoga

Espzo que inclúe parte dos cursos do río Miño e os seus afluentes Parga-Ladra, Támoga e Narla. É unha área húmida con bosques de ribeira, lagoas, gándaras e veigas inundadas que acolle unha importante flora e fauna acuáticas.



SUPERFICIE PROTEXIDA: 5.009 ha.



Ambroíño enano no Miño

Desembocadura do ladra. Outeiro de Rei.

Río Támega

Inclúe o río Támega desde Laza ata a fonteira con Portugal e os seus afluentes Vilaza e Abedes. O máis destacado son os bosques de ribeira e as lagoas e veigas húmidas das marxes do río.



Vilaza



SUPERFICIE PROTEXIDA: 719 ha.



Orquídea (*Serapias cordigera*)

Canón do Sil

O máis interesante son os espectaculares cantís graníticos que o río Sil labrou nas rochas graníticas e nos xistos. A flora e fauna está representada por especies mediterráneas e atlánticas.




SUPERFICIE PROTEXIDA: 5.961 ha.



Vasaloura




Ribasdesil



Mirador de Viluxe

Veiga de Ponteliñares

Zonas de inundacións nas beiras do río Limia. É unha área moi importante para a cría e invernada das aves acuáticas.



SUPERFICIE PROTEXIDA: 130 ha.



ESPAZOS NATURAIS EN RÉXIME DE PROTECCIÓN XERAL. Propostas para a Rede Natura 2000

Macizo Central

É unha grande área onde se alternan ecosistemas de montaña e vales fluviais, con zonas de clima atlántico e mediterráneo. Ten un grande interese xeolóxico e ecolóxico.



Papouzul



Peto



Reboleiras do río Navea



Morrenas glaciares de Chagoazoso.



Charrela, unha perdiz case extinguida en Galicia




Corzo



Val do río Bibei

Bidueiral de Montederramo

O máis interesante son os frondosos bosques de bidueiros mesturados con capudres e acibos.



Pena Maseira

Área de montaña de media altura de perfís suaves. Os ecosistemas máis interesantes son as brañas, as carballeiras e os soutos.



Ourizos de castiñeiro.

Peneda dos Tres Reinos, onde conflúen Galicia, Portugal e Castela-León.



Serra da Enciña da Lastra



Almacigueiro



Inclúe o primeiro canón do Sil de Galicia e a Serra da Enciña da Lastra. Conserva especies únicas asociadas ás calizas e típicas de clima mediterráneo.



Canón do Sil en Covas

Pena Trevinca

É un espazo de montaña de grande interese xeolóxico, paisaxístico e ecolóxico que conserva especies únicas ou moi escasas en Galicia.



Teixidal de Casaio, un bosque de teixos único en Europa.



Lagoa de Ocelo, de orixe glaciar.

Pena Veidosa

Serra de alturas medias que conserva turbeiras e bosques mixtos de carballos, cerquiños e bidueiros. É unha zona moi castigada polos incendios.



Xensá




Teixo

Baixa Limia-Serra do Xurés

Paisaxe de montaña con serras graníticas e vales profundos nos que se conservan importantes especies vexetais e animais típicas do clima mediterráneo.



Chivana, un refuxio dos pastores do Xurés.




Loro ou acereiro (Prunus lusitánica)



OUTROS ESPAZOS NATURAIS

Serras do Suído e Faro de Avión

Forman parte da Dorsal Galega entre as provincias de Pontevedra e Ourense. Conservan turbeiras, boas carballleiras e bosques nas beiras dos ríos.



Río Xesta ou Oitavén

Río Umia


Os ecosistemas máis interesantes son os bosques de ribeira e os rápidos e fervezas. O tramo final forma parte do LIC Ons-O Grove.



Bosque do Pazo do Monte. Lois



Saramaganta galega



Ferveza de Segade. Caldas.

Costa de Baiona-A Garda

Costa rochosa e rectilínea onde abundan os cantís de pouca altura e os coidos. Dos montes da Groba e Mougás baixan ríos con fermosas pozas e fervezas.




Percebes.



Costa de Mougás e Cabo Silleiro.

Río Beelle


Nas súas ribeiras consérvanse bosques mixtos con flora e fauna moi variadas.



Ferveza do Beelle, de 45 m de altura.

Lagoa de Sobrado

É unha lagoa orixinada pola construción dun dique no ano 1500. Considerada como un dos nacementos do río Tambre, é unha Zona Húmda de Importancia Europea que acolle especies de flora e fauna pouco comúns.



Trevo de auga e ambroiños.


Serra do Barbanza

Serra granítica con profundos canóns de ríos e fermosas fervezas.



Pozo do Lago

Lagoa artificial orixinada polas explotacións auríferas iniciadas polo romanos e continuadas en 1910 por unha compañía francesa. Ten unha rica flora e fauna acuáticas.



Ambroiño

Pozas de S. Cristovo

Lagoas orixinadas por explotacións para a extracción de áridos que se atopan naturalizadas. Acollen gran cantidade e variedade de aves acuáticas.



Parella de lavancos reais.

Río Sil

O Sil conserva espazos non incluídos nas áreas protexidas que teñen un grande valor ecolóxico e paisaxístico, como os cavorcos do Edo e do Mao, o encoro de San Martiño, as Rañas de Arnado, a zona de Montefurado...



Cavorco do Mao, un afluente do Sil.



Rañas de Arnado. O Barco de Valdeorras.

Canón do Miño

Tramo do Miño entre os encoros de Belesar e Os Peares (Lugo). Ten especies atlánticas e mediterráneas



Froitos de erbedo, unha especie común no canón do Miño.



A NATUREZA AGREDIDA

Como consecuencia do descoñecemento, o desinterese e a falta de protección axeitadas os espazos naturais están a padecer de xeito continuado as agresións máis diversas



Os INCENDIOS FORESTAIS destrúen as plantas e o solo e favorecen a erosión e a aparición de novas especies oportunistas.




A EXTRACCIÓN DE ÁRIDOS destrúe as canles de ríos e lagoas e cambia o hábitat de numerosas especies (A Limia)



As ESPECIES ALLEAS invaden e ocupan o espazo das autóctonas impedindo o seu desenvolvemento. (Mimosas no Sil).



A construción de PARQUES EÓLICOS altera a fisonomía dos montes, crea vías de penetración, destrúe a cuberta vexetal e afecta ás aves (O Xistral).




As CANTEIRAS alteran o relevo e producen desprendementos de terras e acumulación de residuos. Ademais producen un gran impacto visual (Fervenza no río Cenza).



Os DESAUGADOIROS urbanos e industriais son unha das principais fontes de contaminación das augas e do solo (Arteixo).



A construción de CANLES E DIQUES na marismas altera gravemente o ecosistema e afecta á produción de recursos (Baldaio).



As OBRAS PARA INFRAESTRUTURAS ocupan grandes superficies de terreo e afectan gravemente á paisaxe. Resultan ademais un grave atranco para a libre circulación de especies.




Os verquidos de hidrocarburos afectan gravemente ás costas e fondos mariños producindo graves danos ecolóxicos e económicos.



A construción de diques na costa cambia o sentido das correntes e produce graves alteracións na dinámica das praias e fondos mariños (Foz).

A CONSTRUCCIÓN DE ENCOROS destrúe os ecosistemas fluviais e altera as condicións ambientais do entorno. (Fervenza no Xesta, próxima a desaparecer debaixo dun encoro).



A protección dos espazos naturais tamén está nas túas mans

Cando estás nun espazo natural, ti es o elemento alleo, e despois de ter pasado por el non debe quedar sinal da túa presenza.



Para que os espazos naturais segan a conservar as súas excepciónais cualidades debes seguir estes consellos:



▣ Infórmate das normas establecidas en cada lugar e cumpreas

▣ Non leves plantas, animais nin rochas

▣ Non danes as plantas



▣ Ten especial coidado coa auga



▣ Non deixes lixo nin residuos




▣ Non molestes ós animais



▣ Non acendas lume



- ▣ Non causes danos nas instalacións
- ▣ Respecta as normas e sinalizacións
- ▣ Non utilices vehículos motorizados fora das pistas e estradas
- ▣ Non circules por fora dos camiños nin te metas máis alá dos lugares autorizados.



Recorda que algúns obxectos do lixo poden permanecer no medio moito tempo e, ademais de emporcar o entorno, poden danar ós seres que viven nel.

